



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto: Aprobación expediente de contratación da obra de Mellora de camiño en Fontao (Vedra) do Plan de mellora de camiños de acceso á parcelas agrícolas 2024/2025 (MR701E)
Expediente: 2024/C003/000001**

Antecedentes:

Resolución da Directora Xeral de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 07.05.2024 pola que concede unha axuda para o investimento Mellora de camiño en Fontao (Vedra) por importe de 55.969,52 € equivalente a un 100% da axuda respecto do orzamento aceptado, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso á parcelas agrícolas 2024/2025, financiado de acordo coa seguinte desagregación:

Importe asignado (Plan de mellora)	55.991,00 €	
Importe axuda PMM 2024/2025	55.969,52 €	
Total axuda	FEADER (75%)	41.977,14 €
Distribución fondos	MAPA (51%)	4.197,71 €
	XUNTA (17,5€)	9.794,67 €
Anualidades	Anualidade 2024 (48,718%)	Anualidade 2025 (51,282%)
	27.267,23 €	28.702,29 €

Fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro (LCSP).

SEGUNDO.- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

TERCEIRO.- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das administracións públicas.

CUARTO.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas

Incorporada ao expediente a documentación preceptiva, de cordo co establecido no artigo 116, 117 e na Disposición Adicional Segunda da citada LCSP

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado coa aplicación de criterios de apreciación automática (mediante fórmulas), tramitación ordinaria,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D - Teléf. 981 81 46 94 - C.P. 15885 - e-mail: correo@concellodevedra.gal

do contrato da obra incluída no proxecto *Mellora de camiños en Fontao (Vedra)*, cuxo orzamento base de licitación ascende á cantidade de 67.7123,12 euros

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 432.22706 do orzamento de gastos.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexen o contrato.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación de acordo co establecido no artigo 159 da LCSP, tramitación electrónica, procedendo a anunciar a licitación no Perfil do Contratante (<https://contrataciondelestado.es>).

QUINTO.- Que se proceda á publicación no Perfil do Contratante da documentación establecida no art. 63 da LCSP.

SEXTO.- Dar conta ao pleno na primeira sesión que se celebre.

Vedra, asinado na data que figura na marxe.

O Alcalde accidental (R.A. 390/24, do 19.06)
Asdo. Manuel Costa Carneiro

A Secretaria accidental
Asdo. Mercedes Pereiras Caldelas